

Estimadas compañeiras e compañeiros.

CONFAPA Galicia ven de tomar a decisión de retirarlle o apoio á folga de 9 de marzo convocada pola Plataforma Estatal en Defensa do Ensino Público e pola Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia, no entendemento de que concurren varias e xustificadas razóns que impoñen un paso atrás nesa convocatoria, que non nos seus motivos de fondo, por todos compartidos.

Temos constatado nestes días que a percepción social da folga, que nos transmiten as nosas ANPAS, é a da súa inconveniencia temporal, tendo en conta os movementos da subcomisión parlamentaria encargada de acadar un pacto educativo que debe concretar unha lexislación educativa de consenso; esta subcomisión comezou os seus traballos hai días e parece oportuno permitirilles unha pequena marxe de actuación antes da crítica. Asemade, certo é que o Decreto das Reválidas veu supoñer unha derogación “de facto” das mesmas, ata acadar ese pacto educativo que todos desexamos, e que tal decisión parece cando menos alentadora.

Nestas circunstancias, CONFAPA-GALICIA entende que a folga convocada pode ser prexudicial para o movemento asociativo das ANPAs tanto pola constatada falta de apoio nas familias como polo feito de poder comprometer accións futuras cando puideran ser necesarias, caso de non acadarse o tan ansiado consenso educativo.

CONFAPA Galicia non pode asumir unha folga sen respaldo dos seus asociados e aínda con disconformidade patente. Porén, vémonos na obriga para co noso colectivo de desconvocar a folga no noso ámbito, sempre agardando que xurdan novas positivas desde esa subcomisión parlamentaria e mantendo a vixiancia sobre ela, na procura de que acade os froitos que todos reclamamos. É, para todos nós, un exercicio de responsabilidade.

Esta decisión non empana, antes reforza, o noso compromiso firme e inamovible cos valores identitarios da escola pública e co rexeite á LOMCE, que nos ha levar a cantas accións sexan precisas e axeitadas na procura destes grandes obxectivos.

CONFAPA-GALICIA

A Coruña, a 20 de febreiro de 2017

